



O Festival de Cine Internacional de Ourense
2010 CELEBRANDO O 15 ANIVERSARIO DO FESTIVAL

INVITACIÓN A PROFESIONAIS E ESTUDANTES DE AUDIOVISUAL 4 MASTERCLASSES

en colaboración co



ofrece durante a semana do festival

4 Ouff Masterclasses

impartidas por expertos internacionais da Unión Europea

Conferencias / coloquios dirixidos a profesionais e estudantes de audiovisual: directores, produtores, profesores, asociacións profesionais e responsables de institucións audiovisuais. Cursos e conferencias de formación superior, para dinamizar a co-producción e distribución de películas e proxectos a nivel Europeo e internacional.

INSCRIPCIÓN GRATIS

rexistrándote por e-mail ou teléfono

e-mail: documentación@ouff.org

Tel: 988 22 41 27

indicando: nome completo/ empresa / institución / e-mail / teléfono

máis info na web: www.ouff.org

50 PLAZAS

Lugar: Centro Cultural da Deputación de Ourense
do 4 ao 6 de outubro 2010

MASTERCLASS 1: Luns 4, 16:30 - 17:30

cine regio



A REDE EUROPEA DOS FONDOS DE AXUDA AO AUDIOVISUAL DAS REXIÓNS / Os fondos de axuda

Por Charlotte Appelgren, Secretaria Xeral de Cine-Regio, a rede dos fondos de axudas ao audiovisual das rexións de Europa. É titular dun Máster en Ciencias Económicas da Universidade de Odense en Dinamarca.

Os obxetivos de Cine-Regio son tres interrelacionados: transmitir coñecemento a nivel europeo, facer política de produción de cine e coordinar os organismos rexionais europeos de axuda ao audiovisual (Film Funds), en particular o co-desenvolvemento e a co-producción de cine e produtos audiovisuais. Tamén produce o estudo anual sobre as Film Funds rexionais. O estudo realizado no 2010 foi "A Revolución Dixital : a audiencia activa" centrado nas novas oportunidades do novo panorama dixital.

Cine-Regio participa na produción de filmes, promovendo e representando os intereses das Film Funds rexionais no contexto europeo e internacional.

MASTERCLASS 2: Luns 4, 18:00 - 19:00

O PRODUCTOR AUDIOVISUAL EUROPEO

Todo o que precisas saber para producir en Europa.

EAVE (EUROPEAN AUDIOVISUAL ENTREPRENEURS)



Alan Fountain presenta as actividades de **EAVE**, o programa de formación superior para produtores do Programa **MEDIA** da **U.E.**

Xefe de estudos e director executivo de EAVE, é tamén profesor emérito de Estudos Televisivos na Universidade de Middlesex.

Foi comissioning editor fundador de Channel Four Television (Reino Unido) e director de Northern Media School, na Sheffield Halla University. En asociación co **EAVE**, programa **MEDIA** da UE.

MASTERCLASS 3: Martes 5, 16:30 - 18:30

SHYAMA, a película E A REVOLUCIÓN DIXITAL

As novas técnicas e regulacións europeas para producir DIXITAL



Obhi Chatterjee, director de cine británico, de orixe bengalí, é experto en lexislación comunitaria audiovisual e dedícase ao estudo das novas tecnoloxías dixitais para desenvolver as súas posibilidades creativas, participando nos máis significativos foros europeos do audiovisual dixital.

Shyama, a película dirixida por Chatterjee que se presenta no Festival como homenaxe a Rabindranath Tagore, é un excelente caso-estudo de como traballar coas novas tecnoloxías dixitais.

Imprescindible ver a película **SHYAMA** para asistr a esta MASTERCLASS

SHYAMA, Homenaxe a Rabindranath Tagore, exhibese no Teatro Principal de

Ourense

Luns 4 outubro, 20:00 – 22:00

Homenaxe a Rabindranath Tagore

Presentado polo profesor **José Paz** e o director **Obhi Chatterjee**

Actuación da bailarina india **Kaberi Chatterjee**

Lugar: Teatro Principal / Entrada libre

MASTERCLASS 4: Mércores 6, 16:30 - 18:30

FESTIVAIS DE CINE :Para que serven e como se financian

O papel dos Festivais como ferramenta de promoción / co-producción e desenvolvemento de proxectos.

Coa presenza de directores e expertos de festivais de cine de Galiza, España, Portugal.

Presentada por **Enrique Nicanor**, Director do **Ouff**.

INSCRICIÓN GRATIS

rexistrándote por e-mail ou teléfono

e-mail: documentación@ouff.org

Tel: 988 22 41 27

indicando: nome completo/ empresa / institución / e-mail / teléfono

máis info na web: www.ouff.org



PECHE DE INSCRICIÓN 28 SETEMBRO



Auditorio Municipal, Rúa Canle, 2 - C.P: 32004 OURENSE –España Apdo./P.O.Box: 664 32080 Ourense – España
TEL: + (34) 988 224 127 FAX: + (34) 988 269 619 e-mail: info@ouff.org | web site: www.ouff.org